

SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA GDR-19

POSTO CONVOCADO: XERENTE

MODIFICACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUIDOS/AS

Advertido un erro de feito na aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos para o posto de xerente no que se detecta que na lista aprobada figuraba admitida unha aspirante que non acredita reunir os requisitos necesarios, a Comisión de selección, ACORDOU:

MODIFICAR A LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA O POSTO DE XERENTE, no senso de que donde figura admitida a aspirante dona María del Mar Sánchez Fraga debe figurar como excluída polos motivos que se reflicten a continuación:

- Non acredita estar en posesión do carné de conducir tipo B1 mediante copia deste.
- Non acredita o coñecemento do idioma galego, nivel CELGA IV ou equivalente.
- Por non acreditar que está en posesión do título especificado na oferta para poder acceder ao posto convocado.

A aspirante excluída dona **María del Mar Sánchez Fraga** disporá dun prazo de **tres días hábiles**, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, e que finaliza o día 5 de maio de 2009, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentar a documentación correspondente no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra ou nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, no prazo sinalado. A Comisión de Selección acorda que **no caso de que a documentación non se presente no Rexistro Xeral do Concello de Pontevedra, deberá de anunciarse a súa presentación mediante o envío de fax ao número 986860102 ou mediante correo electrónico á dirección alcaldia@pontevedra.eu.**

A Comisión de selección acorda que a aspirante sexa advertida telefonicamente do erro detectado e requirida a documentación para emendar a súa solicitude no prazo sinalado, de xeito que se lle facilite á interesada a subsanación da súa instancia e non se lle provoque indefensión.

Advírteselle á aspirante que, de non procederse á subsanación será declarada definitivamente excluída.

Pontevedra, 29 de abril de 2009
O Presidente do GDR-19

Miguel Anxo Fernández Lores